

PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO

C.P.I. DOMINGO FONTÁN

1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade, os nosos alumnos enfróntanse a un mundo marcado pola globalización no que o dominio das linguas estranxeiras é fundamental, especialmente coa nosa plena integración no marco da Unión Europea.

O noso centro entende a riqueza que aporta o plurilingüismo e a aprendizaxe das linguas estranxeiras ao desenvolvemento das competencias básicas. Ademais, a formación plurilingüe axuda a promover a valoración dos repertorios lingüísticos dos falantes así como a aceptación da diversidade lingüística, fundamentada na dimensión europea da conciencia cultural e dos valores de respecto e de tolerancia.

Porén, nos colexios da contorna rural coma o noso, soen existir opcións limitadas para afondar na aprendizaxe de linguas estranxeiras fora do horario lectivo así como son moi escasas tamén as posibilidades de establecer contacto con centros académicos foráneos de forma habitual.

Para dar resposta a estes novos desafíos, o CPI Domingo Fontán creou un equipo de traballo para analizar as necesidades do centro en relación á súa internacionalización e poder así establecer liñas de traballo acordes que tendan cara a busca da calidade, a motivación e a innovación.

Neste contexto, comezamos a poñer en marcha distintos xeitos de internacionalizar o centro que van dende a participación en proxectos en eTwinning, a creación dunha sección Bilingüe e a asistencia a cursos e obradoiros relacionados co programa Erasmus+.

A implantación dun proxecto deste tipo esixe un cambio na forma de abordar a ensinanza das linguas na aula, así como unha intensa renovación das estratexias metodolóxicas, especialmente en todo o relacionado coa Aprendizaxe Baseada en Proxectos, o traballo interdisciplinario e transversal e a avaliación por competencias.

Para logralo, pretendemos fomentar o contacto coas realidades doutros países europeos con sistemas educativos distintos ao noso de xeito que poidamos apoiar a cooperación, o intercambio de ideas e a mobilidade entre as institucións nunha área máis alá do local, pois cremos que só deste xeito poderemos desenvolver as competencias e o potencial humano de todos os membros da nosa comunidade educativa.

2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O CPI Domingo Fontán é un centro público de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria. Está situado no Concello de Portas (provincia de Pontevedra) un concello de carácter fundamentalmente rural próximo á capital provincial e que consta de arredor de 3.000 habitantes (repartidos en 59 núcleos de poboación), dos cales aproximadamente un 14% está en idade de escolarización obrigatoria.

O nivel económico da zona está considerado como medio-baixo, aínda que cunha renda per cápita similar aos concellos limítrofes, e tamén o nivel cultural da zona é cualificado como medio-baixo.

Neste centro somos plenamente conscientes desta situación e das limitadas oportunidades que ofrece un centro rural, illado e pequeno como o noso, pero cremos firmemente na capacidade da educación para cambiar e tratar de compensar as limitacións da contorna, polo que estamos a participar dende hai anos en numerosos proxectos de diversa índole e estamos moi implicados na mellora da calidade educativa e na modernización do centro, e aceptando todas as oportunidades que se nos ofrecen, respondendo con esforzo e bo facer.

FORTALEZAS DO NOSO CENTRO

O traballo do noso centro está orientado a educar dun xeito crítico, reflexivo, tolerante e participativo. Nos últimos anos estamos inmersos nun proceso de actualización do proceso de ensino-aprendizaxe priorizando o uso das novas tecnoloxías, fomentando o traballo baseado en proxectos, incrementando o ensino integrado das linguas e mellorando a avaliación por competencias.

Deste xeito no centro:

Traballamos na mellora da educación dixital coa participación no Proxecto Abalar e en grupos de traballo e proxectos interdisciplinarios relacionados coa robótica, con Drupal e Coppermine e cos blogs como ferramenta didáctica (algúns gañadores de premios).

Fomentamos a realización de proxectos interdisciplinarios, que inclúen varias etapas educativas.

Propiciamos o (re)coñecemento do noso patrimonio cultural, moi especialmente da figura de D. Fontán, con proxectos interdisciplinarios dentro do Plan Proxecta, as celebracións do Día da Ciencia en Galego, a presentación da Unidade Didáctica sobre D. Fontán do Consello da Cultura galega así como numerosas homenaxes en colaboración coa Asociación Domingo Fontán, publicacións e conferencias.

Establecemos a Biblioteca Escolar como eixo vertebrador dos proxectos e iniciativas innovadoras do centro. Dende hai anos participamos no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, onde soemos recibir cualificacións moi elevadas na avaliación da memoria. Ademais coordinamos moitos proxectos derivados das iniciativas promovidas pola Xunta: Radio Escolar, Biblioteca Creativa (robótica/escornabots), Bibliotecas Solidarias, recursos STEAM, Biblioteca Inclusiva, Maletas Viaxeiras, Clubs de Lectura...

Temos experiencia en traballo en equipo e na creación e coordinación de grupos de traballo (dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado do centro), de proxectos interdisciplinarios (incluídos os Plans Proxecta) e Contratos-Programa.

Contamos cunha Sección Bilingüe en 3º da ESO na materia de EPV, para tratar de mellorar a competencia lingüística a través de contidos extralingüísticos, aumentando o tempo de contacto co Inglés dos nosos alumnos e promovendo un cambio de mentalidade con respecto á adquisición de idiomas ao non entender o seu ensino de forma illada.

Outras das nosas fortalezas son:

Unha boa relación coas institucións da contorna: Concello, Asociación Cultural Domingo Fontán, centros educativos próximos...

A participación masiva do profesorado das tres etapas educativas no P.F.P.P. de temas variados: Perfil Competencial, Blogs como ferramentas pedagóxicas, Programas Europeos, Convivencia, Robótica..

Unha gran colaboración entre as 3 etapas educativas (ensino entre iguais) e entre os distintos departamentos (Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Biblioteca, Actividades Extraescolares) unha das vantaxes de ser centro pequeno.

Unha ANPA colaboradora.

Boa experiencia en actividades de inmersión lingüística, de viaxes por toda Europa (excursión de final de etapa en 4º da ESO), actividades de teatro interactivo en linguas estranxeiras ás que asisten alumnos de E. Primaria e Secundaria.

Unha intensa formación nos últimos anos en Internacionalización e inmersión lingüística: participación do alumnado nas actividades de formación en linguas estranxeiras ofertadas pola Consellería e asistencia do profesorado a cursos para perfeccionar o seu nivel de Inglés (CALC).

A asistencia a xornadas, cursos e obradoiros relacionados coa plataforma eTwinning e Erasmus+.

3. OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental ao internacionalizar o noso centro é o de contribuír á formación integral dos nosos alumnos, fomentando a tolerancia e o respecto pola diversidade e poñéndoos en contacto con outras culturas e outros xeitos de vivir e pensar.

Para lograr esta “internacionalización” marcámonos os seguintes obxectivos:

3.1. Coñecer outras culturas e fomentar a dimensión europea:

Favoreceremos o enriquecemento cultural da comunidade educativa a través do coñecemento doutras culturas, polo que promoveremos actividades que vaian máis aló da nosa contorna próxima, facilitando o contacto (virtual e real) con outras comunidades.

Estableceremos relacións con outras institucións e centros educativos para intercambiar ideas e proxectos e facilitar a mobilidade de profesorado e alumnado, tendo en conta un KA2.

3.2. Modernizar a metodoloxía de ensino-aprendizaxe:

Coñeceremos outras prácticas educativas, organizativas e de xestión e outros sistemas educativos para poder xulgar con máis criterio o que temos e o que necesitamos mellorar.

Estableceremos relacións con outras institucións e profesionais para favorecer o intercambio de experiencias e ideas.

Contribuiremos á motivación de alumnado e profesorado a través da incorporación de prácticas innovadoras que axuden a loitar contra o abandono temperán.

Adquiriremos metodoloxías innovadoras educativas e novas habilidades de traballo a través da observación de boas prácticas, moi especialmente en relación á aprendizaxe baseada en proxectos, a avaliación por competencias, ao traballo interdisciplinario e transversal e á creación dun centro inclusivo.

3.3. Mellorar as competencias básicas, especialmente a competencia lingüística:

Crearemos conciencia no alumnado e profesorado da necesidade da aprendizaxe das linguas como elemento vehicular para o coñecemento doutras culturas.

Promoveremos a diversidade lingüística e o plurilingüismo, como valor fundamental da riqueza cultural.

Melloraremos o nivel das diferentes linguas e da competencia comunicativa.

Continuaremos coa Sección Bilingüe, ampliando a creación de materiais CLIL e tratando de que máis materias se sumen a esta iniciativa ata chegar a ser un Centro Plurilingüe.

Fomentaremos actividades de inmersión lingüística tanto no alumnado coma no profesorado.

3.4. Poñer en valor o patrimonio da nosa contorna:

Daremos a coñecer o valor do noso patrimonio a través do contacto con outras culturas.

Poñeremos en relación outras culturas coa nosa, fundamentalmente no referente aos valores compartidos relacionados coa nosa dimensión europea.

Difundiremos os programas europeos existentes e as interesantes oportunidades que ofrecen, fomentando a participación de toda a comunidade.

4. NECESIDADES DETECTADAS NO CENTRO

De cara á internacionalización do noso centro fixemos un estudo sobre as necesidades baseada especialmente en tres campos: a xestión/organización, a formación e a metodoloxía. Establecemos as seguintes prioridades:

4.1. Organización e xestión:

Promover a internacionalización do centro e establecer redes de comunicación con outros centros.

Mellorar e completar a páxina web para facilitar o seu uso e comezar a empregar as redes sociais para amosar toda a información e a promoción das actividades.

Elixir e adquirir fondos para crear un recuncho de Europa na biblioteca.

Coordinar e dinamizar proxectos interdisciplinarios enfocados ao fomento da internacionalización do centro, e actividades de cooperación internacional en todas as áreas do currículo.

Localizar centros e institucións que teñan interese en traballar con nós e facer un transvase de coñecementos e estratexias, de xeito que alumnos e profesores coñecerán as diferenzas e similitudes cos países veciños.

4.2. Formación do profesorado e do alumnado:

Mellorar a competencia lingüística a través de actividades de inmersión lingüística e cursos relacionados co ensino CLIL.

Continuar co grupo de traballo sobre Programas Europeos (PFPP) para seguir afondando nesta temática así como coa asistencia a xornadas e obradoiros relacionados con eles.

Ampliar a oferta de Seccións Bilingües e chegar a crear un centro plurilingüe para proporcionar oportunidades de transmitir e adquirir coñecementos de contidos extralingüísticos a través do uso de linguas estranxeiras.

Incrementar a nosa participación en proxectos transnacionais (eTwinning, Erasmus+...) e seguir a abrir canles virtuais que permitan o intercambio das nosas experiencias a través das TIC e das redes sociais.

Mellorar a capacidade do profesorado que imparte as CLIL e os seus recursos, participando en cursos de formación, congresos, observación de boas prácticas e visitas de estudos noutros países.

Promover a mellora da competencia en linguas estranxeiras fomentando intercambios con outros países así como na elaboración de proxectos virtuais conxuntos cuxa lingua vehicular que non sexa a habitual.

Solicitar axudas económicas (tipo Erasmus+) para que todo o alumnado teña oportunidade de participar en igualdade de condicións en actividades e proxectos internacionais en países estranxeiros sen ter en conta as súas condicións económicas.

4.3. Metodoloxía:

Coñecer e establecer novos xeitos de traballar por proxectos para que sexan aínda máis interdisciplinarios e transversais, aumentando o nº de departamentos implicados e incrementando as relacións entre as distintas etapas educativas.

Mellorar a avaliación por competencias.

Deseñar actividades que fomenten o interese e posta en valor da nosa contorna e do patrimonio cultural e artístico e o publiciten mediante o uso das linguas estranxeiras.

Fomentar a metodoloxía do traballo por proxectos en todas as materias e áreas, potenciando a multidisciplinaria e incrementando a motivación de profesorado e alumnado.

Tratar de reducir o fracaso escolar e o abandono temperá, fomentando a participación activa en proxectos e mobilidades internacionais.

5. PLAN DE ACTUACIÓN E ACTIVIDADES PREVISTAS:

No CPI Domingo Fontán xa levamos anos realizando proxectos de diversa índole e coordinando distintos programas e grupos de traballo.

O plan de actuación para cubrir as necesidades que vimos de establecer anteriormente cara á súa internacionalización son:

Incrementar a nosa participación na plataforma eTwinning, tanto no número de proxectos coma na cantidade de profesores e alumnos implicados ata chegar a coordinar os nosos propios.

Crear unha rúbrica para avaliar a calidade dos proxectos nos que participar e/ou coordinar.

Continuar co grupo de traballo do profesorado sobre Erasmus+ iniciado o curso pasado dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado do centro.

Continuar a ofertar a Sección Bilingüe de Inglés ma materia de EPV de 3º da ESO, e crear materiais e unidades didácticas específicas para ela.

Realizar e difundir un vídeo en Inglés para presentar o noso centro aos posibles socios europeos.

Potenciar as actividades de Inmersión Lingüística, tanto do profesorado como do alumnado.

Seguir a participar nos Plans Proxecta que aporten cousas interesantes ao tema (Correspondentes Xuvenís 3.0, O Inglés na Linguaxe Publicitaria en España de Galicons-net...) e solicitar a participación noutros proxectos e plans que respondan ás nosas inquietudes e intereses.

Incorporar plenamente o Plan de Desenvolvemento Europeo revisado á Programación Xeral Anual.

Asistir a cursos, xornadas e obradoiros relacionados co uso da plataforma eTwinning e os proxectos Erasmus+.

Crear un espazo específico de recursos na biblioteca para potenciar a integración da dimensión europea nas nosas propostas didácticas conxuntas.

Potenciar o emprego da School Education Gateway e da Plataforma de Resultados de Proxectos de Erasmus+.

Solicitar un auxiliar de conversa de Inglés.

Participar no Programa de Inmersión Lingüística de Outono e no de Verán.

Sopesar a nosa participación no proxecto EduExchanges para o curso 2019/20.

Establecer asociacións estratéxicas e de intercambio de profesorado e de alumnado.

Organizar visitas de “Observación de Boas Prácticas” naqueles centros internacionais que destaquen nalgunha das nosas prioridades marcadas nos obxectivos.

Participar nunha convocatoria PIALE.

Asistir a cursos relacionados co ensino CLIL.

Realizar os cambios necesarios para lograr ser un centro plenamente inclusivo, establecendo relacións con outros centros e institucións que sexan punteiros no tema.

Celebrar o Día de Europa cada 9 de Maio a través de actividades e exposicións que potencien o coñecemento e posta en valor da Unión Europea.

Solicitar a participación en programas internacionais como o Erasmus+ para contribuír á mellora das competencias básicas establecidas polo Consello de Europa e fomentar o coñecemento doutras culturas, facilitando a mobilidade do alumnado e profesorado para mellorar o emprego de linguas estranxeiras en contextos reais.

Motivar ao alumnado en risco de abandono escolar grazas á participación en proxectos internacionais e fomentar a inclusión neles dos alumnos con menos recursos económicos e/ou con necesidades especiais.

Mellorar a competencia en linguas estranxeiras a través de estadias no estranxeiro tanto do alumnado coma do profesorado e participando en todos os proxectos que real o virtualmente fomenten a comunicación noutras linguas en contextos reais.

Mellorar o aspecto e a visualización da páxina web do centro para facilitar o acceso á información e ás actividades que se están a facer, creando e mantendo actualizada un apartado sobre programas europeos.

Aumentar a comunicación e difusión das actividades que se fan dentro dos proxectos internacionais tanto a través da web, de blogs, da revista escolar e de taboleiros no centro.

Ofrecernos como centro acolledor de profesores doutros países interesados na observación de boas prácticas.

Realizar visitas e intercambios culturais con outros países e promover actividades que fomenten o coñecemento das competencias básicas cun valor internacional engadido: asistencia a representacións teatrais noutras linguas, viaxes educativas a cidades europeas...

6. DIFUSIÓN DO PROXECTO E DAS ACTIVIDADES

Deseñamos un plan de difusión dos resultados para dar visibilidade aos proxectos levados a cabo para fomentar a internacionalización do centro e a súa presenza en Europa. Este plan inclúe:

A inclusión como punto da orde do día nos órganos colexiados, cun seguimento explícito na CCP.

A creación dunha sección na páxina web do centro coa información detallada, así como nas redes sociais e nun blog específico.

O deseño e realización de escritos e reunións para as familias e o resto de profesorado non implicado directamente.

A colocación de carteis publicitarios polo centro e dun taboleiro de novas sostido polos alumnos da ESO, con información relevante, fotografías, traballos...

A creación dun "Recuncho de Europa" na nosa Biblioteca.

A publicación de artigos específicos na Revista escolar e a redacción de notas de prensa nos casos que vexamos máis relevantes.

7. IMPACTO NO CENTRO E NA SÚA CONTORNA

A realización dun proxecto europeo deste tipo que implica a introdución da dimensión europea na educación (traballar en Europa e por Europa) producirá sen dúbida un impacto moi positivo a todos os niveis (competencia lingüística, cambio de dinámicas habituais, apertura ao exterior...) e terá repercusións claras en toda a comunidade.

A reflexión sobre a europeización do centro, o desenvolvemento deste PDE e o compromiso de continuidade ao longo do tempo son os nosos primeiros resultados, dos cales partiremos.

As posibilidades de realizar proxectos con centros estranxeiros e de viaxar que ofrecen os programas Erasmus+ contribúen á formación integral do alumnado e do profesorado participante, mellora a competencia en linguas estranxeiras, permite que se coñezan outras realidades e sistemas educativos e contribúe á dinamización do centro e á colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

Nos próximos cursos o impacto será máis visible pois a nosa participación activa nos programas europeos posibilitará:

7.1. A nivel de CENTRO:

A creación dunha base de actividades a disposición de toda a comunidade educativa.

O fortalecemento das relacións coas entidades e institucións locais.

A creación dunha atmosfera máis motivadora e aberta, o que fomentará sen dúbida a tolerancia a través do coñecemento e comprensión doutras realidades.

A mellora das canles de comunicación entre os distintos sectores e etapas educativas.

O aumento do prestixio do noso centro e o enriquecemento da proxección do mesmo na contorna.

O establecemento de relacións internacionais: o contacto con outras institucións, conexións con profesionais con intereses e proxectos similares...

A mellora da calidade educativa.

O aumento do coñecemento da nosa cultura e o noso xeito de facer as cousas por parte doutros países europeos cos que establezamos contactos e colaboracións.

7.2. Para o PROFESORADO:

A introdución da dimensión europea no centro e a posibilidade de mobilidades de persoas, experiencias, exposicións e innovacións.

A mellora e modernización do ensino-aprendizaxe de linguas estranxeiras no noso centro.

O aumento do coñecemento das ferramentas TIC, das plataformas e das actividades en internet.

A posibilidade de participación en proxectos multidisciplinares beneficiando o traballo colaborativo e a cooperación entre materias, departamentos, equipos e etapas educativas.

O avance na unificación dos principios metodolóxicos en todas as materias que participan nos proxectos internacionais.

A posibilidade de que os profesores contacten con docentes doutros países e poidan intercambiar ideas, discutir intereses comúns e desenvolver proxectos conxuntos, así coma probar novas experiencias que son compartidas por medio de reunións, grupos de traballo, exposicións ...

A mellora da competencia lingüística en linguas estranxeiras.

O aumento das posibilidades e ferramentas para participar en proxectos europeos.

A adopción de novas estratexias metodolóxicas, especialmente no traballo por proxectos.

A mellora na avaliación por competencias.

7.3. Para o ALUMNADO:

A mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

O incremento da curiosidade por coñecer outras culturas

O aumento no emprego das novas tecnoloxías e a seguridade á hora de empregar a rede.

A mellora da competencia comunicativa, especialmente en linguas estranxeiras

O aumento do coñecemento e da sensibilidade fronte ao o patrimonio natural e cultural da contorna.

O incremento da motivación para seguir cos estudos e reducir o abandono escolar temperán.

O aumento da participación do alumnado en actividades extraescolares e a redución da distancia entre o ensino formal e o non formal.

O incremento do interese e da colaboración das familias

O empuxe para que o alumnado entenda e valore a necesidade de coñecer linguas estranxeiras e o aumento da motivación para estudalas e poñer en práctica o aprendido.

8. CRITERIOS DE SELECCIÓN

8.1. PROFESORADO

Participación no PFPP sobre programas europeos

Asistencia ás xornadas sobre Erasmus+

Superación de cursos sobre eTwinning
Asistencia a obradoiros sobre solicitude de Erasmus+
Coñecemento de idiomas
Compromiso na elaboración do Plan de desenvolvemento europeo
Implicación na redacción e presentación das solicitudes
Participación en proxectos internacionais
Asistencia a cursos de inmersión lingüística
Experiencia na coordinación de proxectos
Experiencia na coordinación de equipos de traballo
Participación nunha Sección Bilingüe
Idoneidade para o curso e/ou observación de boas prácticas

8.2. ALUMNADO

Nota na lingua estranxeira do país receptor
Expediente académico da ESO
Comportamento e actitude
Interese na actividade

9. AVALIACIÓN E ACTUALIZACIÓN

O centro avaliará na Memoria Anual o establecido na súa concreción na Programación Xeral Anual.

O noso obxectivo é que este proxecto sexa útil a medio e longo prazo, polo que é necesaria a súa revisión e actualización por parte dos participantes e dos órganos colexiados do centro.

Os resultados da avaliación serán publicados na web do centro e nas memorias correspondentes.